


4853

BASES ESPECÍFICAS PARA CONTRATACIÓNS DE PERSOAL LABORAL PEÓN GRUMIR

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 22 de Novembro de 2017
Ponteareas, 22 de Novembro de 2017



Ponteareas, 20 de febreiro de 2017

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONFECCIÓN DE LISTAS DE CONTRATACIONES PARA PRAZAS DE PERSOAL LABORAL CATEGORÍAS PEÓN GRUMIR

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Vistas as bases xerais para a confección de listas de substitucións como laboral temporal, procédese a confeccionar as bases específicas e convocatoria, listas para nomeamento de persoal laboral temporal na categorías de Peón Grumir, encadrado no grupo V do convenio colectivo.

As modalidades de contratación será calquera temporal que estableza a lexislación vixente, excepto a de interinidade en praza vacante.

2.- REQUISITOS

Aparte dos establecidos no punto 2 das bases xerais deberá estar en posesión da titulación de certificado de Escolaridade ou equivalente.

3.- INSTANCIAS

De acordo co establecido no punto 3 das bases xerais, o prazo para presentar solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.- DEREITOS DE EXAME

Non se establece taxa para a realización do presente proceso selectivo.

5.- PROCEDIMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso oposición.

BAREMO CONCURSO:

Fase de Concurso:

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 20 de Novembro de 2017
Ponteareas 20 de 3 de 2017



a) **Formación** na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos:

a.1) Por cursos relacionados coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas: 2 puntos.

Neste apartado a puntuación máxima será de 3 puntos.

a.2) Coñecemento da lingua galega

A puntuación máxima en este apartado será de 1 punto, e só se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables entre si.

- 1.- Pola realización do curso de lingua galega oral, ou Certificado de lingua galega 1 (Celga1), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,25 puntos.
- 2.- Pola presentación do Certificado de lingua galega 2 (Celga2), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,5 puntos.
- 3.- Pola realización do curso de iniciación da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 3 (Celga3), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,75 puntos.
- 4.- Pola realización do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 4 (Celga4), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 1 punto.

b) **Experiencia**. A puntuación máxima nesta base será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria, similar ou superior categoría nos seguintes termos:

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

No caso de empate final na puntuación entre os aspirantes, este resolverase a favor de aquel que teña maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo, de manterse o empate desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 20/01/2017 pola que se fai público para o ano 2017 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 30/01/2017), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra " K " .

A fase de oposición será previa a fase de concurso, e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Fase de Oposición:

Consistirá na superación dos seguintes exercicios, tendentes exclusivamente a acreditar os requisitos físicos mínimos indispensables para o desenvolvemento das funcións propias do posto, sendo todos eles obrigatorios e eliminatorios:

- 1.- **Dominadas:** Realizar 9 flexións consecutivas, brazos totalmente estendidos, coas palmas cara o exterior, e deberá superar o queixo a barra. Non se permite balanceo na realización das flexións.

As flexións teñen como obxectivo medir a forza dos músculos flexores dos antebrazos e os da cintura escápulo-humeral.

Material: Unha barra fixa de ximnasia.

Posición inicial: suspendido da barra coas palmas da man cara adiante. Anchura do agarre á elección do aspirante. Brazos estendidos. Os pés sen tocar o chan.

Execución: Levantar o corpo cos brazos ata que o queixo sobrepase a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Pódese repetir o exercicio tantas veces como se poida mantendo o corpo en suspensión.

Regras: A flexión non é un movemento de lategazo, non se pode levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de ser o máis uniforme posible. O queixo non pode tocar a barra e debe superar a mesma. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.



2.- **Proba de banco:** Consistirá na realización da proba física establecida na recomendación CTN ICONA/CCAA núm. 1/93 (proba do banco), pola que deberán vir provistos de roupa deportiva e zapatillas.

3.- **Natación:** Consistirá en nadar 50 m. nun tempo de 45 segundos para homes e 50 segundos para mulleres. As Prendas obrigatorias para as probas serán traxe de baño, gorro. Non se permitirá o uso de dispositivos de propulsión e axuda a realización desta proba, v. gr. traxe de neopreno, aletas, tubo, ...

Disposición: O aspirante poderá colocarse na saída: no bordo da piscina ou no interior da pileta, tomando neste caso contacto coa parede da piscina no borde de saída.

Execución: dada a saída, os participantes segundo a disposición adoptada, ben a zambullida ou por impulsión sobre a parede, iniciarán a proba, utilizando calquera estilo na súa progresión.

Invalideacións: Considerarse que non é válida a realización cando nalgún momento do percorrido o aspirante apóiese a descansar nalgún lugar da pileta, tal como as...ou os bordes, cando nalgún momento do percorrido o aspirante toque ou descansa os pes no solo, cando nalgún momento do traxecto se pare a descansar, aínda que o faga sen apoiarse nas corcheiras. Permitirase unha saída falsa, entendéndose por saída falsa comezar antes da orde de saída.

Equipo necesario: requírase o uso de prendas deportivas adecuadas o tipo de probas a realizar (pantalón de deporte, zapatillas, bañador.)

Criterios de valoración: Cada unha das probas terá carácter eliminatorio, clasificándose en APTO e NON APTO en función de que se alcancen ou non as marcas sinaladas; non podendo concurrir á proba seguinte se non se alcanza o APTO na proba anterior.

6.- CONFECCION E FUNCIONAMENTO DAS LISTAS.

Una vez finalizado o proceso selectivo, confeccionarase as correspondentes listas ordenadas de maior a menor puntuación, e que servirán para efectuar os chamamentos co fin de realizar as contratacións temporais necesarias.

O chamamento dos aspirantes farase segundo o aprobado nas bases xerais de substitución laboral.

7.- CONTRATACIÓN

PEÓN GRUMER Ecoses específicos

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESION CON
DATA 20 de *Maio* de 2014
Pontareas, 20 de *Maio* de 2014



A contratación do persoal que, conforme ao procedemento sinalado nestas normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo con contrato laboral de carácter temporal realizarase mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou Resolución da Alcaldía por cuestións de urxencia, formalizándose no contrato laboral que proceda.

8.- CESAMENTO

As persoas aspirantes contratadas en réxime laboral cesarán ao finalizar o contrato.

9.- TRIBUNAL

1) Os membros do tribunal cualificador serán designados pola Xunta de Goberno segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3) A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4) O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5) A Presidencia, xuntamente coa lista de admitidos, publicará no taboleiro de anuncios da corporación, así como na páxina web www.pontareas.gal a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.



6) Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Sr. Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

7) O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

8) A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.

9) No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

10) Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

10.- INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

11.- RÉXIME XURÍDICO

O proceso de concurso-oposición regularase polo disposto nestas bases específicas e polas Bases Xerais para a Confección de Listaxes de Contratacións Temporais para Prazas de Persoal Laboral e, no non previsto nelas, de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación.

12.- DISPOSICION FINAL

Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

13.- CARÁCTER VICULANTE DAS BASES

Estas bases vinculan ao Concello de Ponteareas, os tribunais cualificadores, as persoas aspirantes, a comisión de seguimento das bolsas e as persoas que integren as bolsas de emprego que se constitúan.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.- Estas listaxes terán unha duración inicial de dous anos, e senón se efectuase preaviso ben pola parte social afectada ou ben polo Concello, un mes antes do remate das mesmas, entenderanse prorrogadas anualmente.

De existir o preaviso correspondente, continuarán vixentes ata que entren en vigor as que resulten da negociación correspondente.

O Concello poderá en calquera momento, se constatase a insuficiencia de candidatos necesarios, abrir novos prazos para apertura na categoría correspondente, o que implicará unha nova valoración e a creación dunha nova listaxe.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Estas listaxes de contratación de persoal laboral derrogarán as listaxes anteriores da mesma categoría no mesmo momento da súa entrada en vigor.

APROBADO POLA XUNTA DE
GOBERNO, NA SESIÓN COMÚN
DATA 20 de Marzo de 2014
Ponteareas, 20 de 3 de 2014



ANEXO I

SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL CONCELLO PONTEAREAS

• **PRAZA SOLICITADA**

Denominación:	Minusvalía %:
	E-mail:

• **DATOS PERSOAIS**

Apellidos:	Nome:	D.N.I.:	
		Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:	C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:	

• **TÍTULOS ACADÉMICOS**

Esixidos na Convocatoria:	Centro de Expedición:	Data:
Acreditación Galego:	Centro de Expedición:	Data:

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral do Concello de Ponteareas e as sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, no momento de chamamento ou contratación.

(Para as categorías que así se especifique deberá marcarse o autorizo seguinte)

AUTORIZO **SI** **NON** : (Marcar a opción elixida)

expresamente o Concello de Ponteareas a que consulten os meus datos persoais para a obtención do certificado de delitos de natureza sexual, necesario para o acceso ao posto de traballo o que se refire a presente solicitude, por tratarse de actividade incluída no art. 13.5 da Lei Orgánica 1/96 de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor, modificado pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015.

Asinado..... de de 20.....